

NÚMERO 5 // XANEIRO 2022

# CHÍO

(DE) CONSTRUIR



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGOSEMPRE

Garañón

La arquitectura es  
una manifestación  
del contexto cultural  
en el que reside.




Velaí o esqueleto; ergueito, teso, fachendoso,  
dereitiño, inmodesto e altivo; eso sí: sen polpas  
que roer e falta de engrosar.

Tótem venerante e vigoroso dende o púlpito  
predicante do Garañón.

Hai quen dí que, cal Rodrigo Díaz de Vivar,  
morto e a cabalo da súa sombra, sen Tizona  
pero con piqueta, pode gañar unhas eleccións  
con so tirar un par de ladrillos; e será verdade,  
tal vez. Pero é tamén, que o pobo do común,  
non debe esquecer desfeita e ignominia de uns  
chamados xestores, que miran, pero non ven.

Un día, este mal sono será historia, pero como  
tal historia, non debe esquecerse.

Deus vaia con el.



# NO SOLPOR DUNHA METÁFORA

MELINA LÓPEZ

Extracto de **"Las ciudades invisibles", Italo Calvino.**

*Instrucións para ler o texto: onde pon Moriana, mudar por Lugo e deixar a repouso. Se logo de dez minutos, que ben poderían ser cinco, non lle entra un arrepío, consulte ao doutor.*

"Vadeado el río, cruzado el paso, el hombre se encuentra de pronto frente a la ciudad de Moriana, con sus puertas de alabastro transparentes a la luz del sol, sus columnas de coral que sostienen los frontones con incrustaciones de mármol serpentín, sus villas todas de vidrio como acuarios donde nadan las sombras de las bailarinas de escamas plateadas bajo las arañas de luces en forma de medusa. Si no es su primer viaje, el hombre ya sabe que las ciudades como ésta tienen un reverso: basta recorrer un semicírculo y será visible la faz oculta de Moriana, una extensión de chapa oxidada, tela de costal, ejes erizados de clavos, caños negros de hollín, montones de latas, muros ciegos con inscripciones borrosas, armazones de sillas desfondadas, cuerdas que sólo sirven para colgarse de una viga podrida.

Parece que la ciudad continúa de un lado a otro en perspectiva multiplicando su repertorio de imágenes: en realidad no tiene espesor, consiste sólo en un anverso y un reverso, como una hoja de papel, con una figura de un lado y otra del otro, que no pueden despegarse ni mirarse."



Entender que (como dí **Giulio Carlo Argan**- historiador e crítico de arte- ) a arquitectura dá corpo e estrutura á cidade e ademáis, a volve significativa, co simbolismo implícito nas súas formas; é , se cadra, un arduo exercicio para quen nos goberna.

Como de importante é o escenario no que vivimos?

Dende o punto de vista cultural, a arquitectura é un poderoso reflexo de como a sociedade pode verse a si mesma.

Queremos entón un Lugo co armatoste da portada?

Queremos non saber que facer con el?

Queremos ser o exemplo visible da inoperancia e limitación de miras daqueles e daquelas que deciden en pro da sociedade que gobernan?



# CASTELAO GRAFISTA



Se falamos de compromiso ético, social e político; é imprescindible visitar a exposición que temos ata o 31 de xaneiro no local da obra social de Abanca.

Baixo o título "Castelao grafista", a exposición é unha mostra exhaustiva das ilustracións do escritor, da sorna que tan ben manexaba e da ironía galega, que tanto termina por caracterizar ao noso pobo.

*A política non foi nunca a miña profesión, pero si a miña vocación, a vocación de toda a miña vida. Comparade o sentimento galego dos meus primeiros debuxos coa idea galeguista do meu recente libro e veredes que son unha mesma cousa, e veredes que eu souben conservarme idéntico a min mesmo e que a miña vida moral e política é unha liña recta coma a franxa azul da vosa bandeira. Xamais cultivei a arte pola arte. A arte para min non foi máis ca un elemento, un recurso, un medio de expresión, e co lapis ou coa pluma só quixen ser un intérprete fiel do meu pobo, das súas mágoas e das súas esperanzas. Debuxei sempre en galego; escribín sempre en galego; e se sacades o que hai de galego e de humano na miña obra non quedaría nada dela.*

Texto do propio Castelao co que remata a exposición

# DE SEMPRE

AGUSTÍN GALLEGO

De sempre, amigas e amigos; pola miña propia natureza, son optimista cando miro para as persoas; tamén nos momentos e nas circunstancias adversas.

Certo é que o tempo de confusión, de desacougo faise demasiado longo e a factura estase a facer demasiado grosa. Eu abrázome a un dito moi noso que debera ser pensamento diario e debuxe un sorriso para camiñar pola vida: "*Nunca choveu que non escampara*".

Miremos con optimismo o futuro de este 2022 que acaba de comezar; afrontemos a chamada "costa de xaneiro" con brío; miremos o tempo das rebaixas no noso comercio, e digo ben: no noso comercio, son os nosos veciños e dan traballo a outros veciños.

Este ano, amigos, tamén é ano xacobeo; de seguro que serán moitas as persoas que camiñen e vexan a nosa provincia. Sexamos receptivos e amables con eles, axudémoslles a camiñar pola mellor terra do mundo.

Tamén será este 22 un ano moi intenso no eido da política; os partidos subirán o ton e o volume para presumir do que fixeron, e de paso, alumar no cu dos opositores. Será un tempo de permanente campaña electoral, de cara ás municipais do 23. Como día o Facundo do mago Antón: "*Tranquilidááááá*".



E remato lembrando que en **Lugo Sempre**, logo de seis meses de andaina, estamos plenamente satisfeitos do traballo feito e da ilusión que temos por emprender o tempo de consolidación desta asociación, que xa lles anuncio, a intención inmediata será a de abrimos á sociedade. Dende este momento solicitamos un "**únete a nós**", un faite socio. Non importa de onde sexas: de Sarria, de Vilalba, de Castro, de Monforte, de Sober... imos traballar xuntos por un Lugo mellor. Como dicía o slogan deportivo: **contamos contigo**. Agardamos, de cara á primavera, poder celebrar unha xuntanza de homes e mulleres que vivan intensamente un **Lugo Sempre**.

Saúdos de Agustín Gallego

# VAI UNHA DE ACLARADO

**Chío** segue o seu curso ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre**.

As **imaxes** deste número de **Chío**, son de autoría propia. Coas localizacións que se indican:

- Portada: Vista do Garañón.
- Manifesto: Obra de arte urbán de DiegoAS sita na ronda da muralla.
- Editorial: Garañón.
- Reflexións: ronda da muralla, altura porta San Pedro e vista do Garañón.
- Cita: imaxes da propia exposición.

E facemos una aclaración de **contidos** non existentes neste número, pero que sí apareceron con anterioridade e que (aínda) non morreron , nin de éxito.

Como moitos dos nosos lectores/as saben, **Lugo Sempre** ven de solicitar ante as autoridades pertinentes, dúas actuación no eido cultural que nos permitimos lembrar aquí, dada a súa importancia e xa que logo, nos atinxen directamente:

- Dunha banda, a celebración dunha **bienal artística**, na honra de **Paco Pestana**.

- Doutra, adicar a **Darío Xohán Cabana**, o **día das letras galegas**.

**Chío** segue viva e promete chiar, aínda máis forte, no 2022. Non o perdan. Se cadra a cultura do **Lugo** que queremos, tamén pasa por aquí.

**Coordina e dirixe Chío, Melina López.**

